


LIFE: PECES



Gran Bretaña: 50 min. Español
 Producción: Adam Chapman para BBC Discovery Channel
 Fotografía: Doug Anderson, Rod Clarke, Kevin Flay, Richard Jones, Peter Scoones, Mark Deeble, Victoria Stone, e outros.

Un enfoque global sobre a loita dos peixes pola supervivencia. Os grandes depredadores dos océanos, como os peixes vela, son moi poderosos e rápidos. Estes reúnen en grupos para atacar e, coa súa extraordinaria pericia, logran exterminar un banco de bocartes en moi pouco tempo. Pero a maioría dos peixes non son tan potentes e vense obrigados a desenvolver estratexias para sobrevivir nun medio tan hostil. Os peixes voadores logran esquivar os seus inimigos desprazándose sobre as ondas grazas ás súas desenvolvidas aletas pectorais. Nos baixíos do sur de Australia viven estranhos cabaliños de mar que parecen algas. Un peixe arquitecto escava un labirinto de túneles no fondo mariño para refuxio das súas crías. Na costa californiana a competencia polo espazo chega a situacións cómicas, como a espectacular pelexa entre dous *Neoclinus blanchardi*. O máis sorprendente protagonizao un gobio das illas Hawaii, que logra escalar elevadas paredes de rocha para salvar grandes fervezas e remontar o río para desovar.


PACÍFICO SUR: UN PARAÍSO FRÁGIL



Gran Bretaña: 50 min. Español
 Producción: Jonathan Clay para BBC Discovery Channel
 Fotografía: Richard Wollockcombe, Rod Clarke, Pete Hayns, Mike Single

O efecto invernadoiro e o exceso de pesca están causando unha crise global na fauna mariña. No Pacífico sur, algunhas poboacións antano abundantes, hoxe atópanse en estado crítico. O dióxido de carbono acumulado polo calentamento dos océanos pon en perigo a produción de plancto, o que afectaría a toda a cadea trófica; un risco que acabaría cos bancos de pesca nuns 40 anos. As illas coralinas, grandes criadeiros de peixes, serán os hábitats máis fráxiles. En contraste con esta crúa realidade, as baleas xibardo, grazas aos acordos de protección internacionais, despois dunha diminución do 90% da poboación, lograron pasar de 5.000 a 60.000 individuos na actualidade. Noutra fronte, os habitantes dalgunhas illas do Pacífico sur loitan por rexenerar os fondos arrasados recorrendo á replantación de arrecifes para restaurar os corais moribundos.

LIFE: CRIATURAS DE LAS PROFUNDIDADES



Gran Bretaña: 50 min. Español
 Producción: Neil Lucas para BBC Discovery Channel
 Fotografía: Doug Allan, Doug Anderson, Bob Craston, Peter Scoones, Kevin Flay, Peter Kragh, Andrew Penniket e outros

No medio hostil do fondo dos océanos a vida é posible grazas á especialización das distintas criaturas, que afrontan retos de distinta profundidade, luz e temperatura. Variados hábitats cunha sorprendente fauna representativa van desfilando neste espectacular documental, como os vermes poliquetos e cangrexos que logran subsistir a unha profundidade de dous quilómetros, empoleirados nas bocas hidrotérmicas con 450 °C. Outro lugar extremo atópase nas profundidades do polo sur, onde sobreviven moitos equinodermos e enormes vermes. Curiosos comportamentos de grupos de cangrexos, polbos xigantes da Columbia Británica, enormes aglomeracións de augamares, e reunións de grandes sepias para aparearse e desovar, con encamizadas loitas entre machos rivais, completan esta grande exposición sobre a fauna mariña.

A CARON DO MIÑO



Galicia: 15 min. Galego
 Imaxe aérea e terrestre: Enrique Touriño
 Imaxe subacuática: Jose Luis González
 Efectos e montaxe: Enrique Raimundez
 Tratamento imaxe: Ignacio González. Música orixinal: Gabriel Magdaleno
 Textos e asesoramento científico: Noemí Costas (Universidade de Vigo)

Con máis de mil quilómetros de costa Galiza sempre foi considerada un pobo mariñeiro. Como dican Cunqueiro, esta terra tamén é o país dos dez mil ríos. Montañas, bosques e cursos fluviais que, a miúdo, son uns grandes descoñecidos, a pesar de que a súa extensión é catro veces superior cá da nosa costa. Entre os ríos de Galiza, o Miño é o máis representativo, e un dos nosos principais símbolos. O Miño é fonte de vida, de inspiración e de lendas, porán este río aínda agocha moitos segredos baixo as súas augas e que a miúdo escapan ao ollo inexperto. O espectador poderá mergullarse nas augas do noso pai Miño. Paisaxes subacuáticas insólitas como as da lagoa de Fontemíña. Unha ampla diversidade de invertebrados microscópicos en todo o seu curso. Ou a presenza de especies de especial relevancia, como o salmón atlántico, que ten un dos seus últimos redutos europeos na cunca baixa do Miño. Son algunhas das maravillas que, ao longo dun innovador fio visual, serán expostas nesta presentación multimídia.

EL BAJO DE LAS GERARDIAS



España: 20 min. Español
 Dirección e fotografía: Rafa Ferreiro
 Música: David Gonçalves
 Producción: Aquawork, S.L.
 Patrocinado por: Fundación Canaria Mapfre Guanarteme

O Bajo de Las Gerardias é un enclave biolóxico único en Canarias e que saibamos, tamén único no mundo. Esta xola dos fondos mariños recibe o seu nome pola alta concentración dun antozoo colonial, a Gerardia savaglia, que cobre as paredes dun promontorio rochoso situado nos fondos da reserva mariña de Isla Grciosa e Ilotes do norte de Lanzarote. Trátase dun lugar dunha fragilidade extrema, xa que calquera arte de pesca ou fondeo de barco pode realizar un grande estrago no lugar. No proxecto para a súa filmación conxúnganse dous factores: o valioso do enclave biolóxico oculto pola profundidade, e a disposición dos máis avanzados equipos de mergullo técnico (Rebreather), que fan posible o seu estudo e filmación.

O MAR DA FIN DO MUNDO



Galicia: 52 min. Galego.
 Producción e proxecto: José Irisarri
 Guión e dirección: Manuel Uhía
 Fotografía submarina: José Irisarri, Manuel E. Garci, Roger T. Hanlon
 Fotografía terrestre: Guillermo González
 Música orixinal: José Piedras

A costa de Galicia foi considerada durante séculos a *finisterrae* do mundo coñecido, cun mar axitado e misterioso, baixo cuxa superficie, ademais de historias e lendas, se atopa unha das máis ricas biodiversidades de todas as augas do planeta. Un mar cheo de vida. Esta extraordinaria abundancia débese ao afloramento oceánico, que lles achega nutrientes minerais ás capas de auga superficiais. Aquí teñen o seu reino os cefalópodos, criaturas cunha intelixencia moi desenvolvida e capacidade de aprendizaxe moi notable. A súa gran versatilidade permítilles modificar o aspecto da súa pel para imitar a cor e relevo do fondo, e lograr unha camuflaxe perfecta para pasar inadvertidos e para cazar. Un capítulo moi interesante deste documental son os comportamentos e paulas de reprodución, moi pouco coñecidos, dos cefalópodos.

MÉRCORES



VALENTÍN TRUJILLO
 Responsable nacional da pesca Atlántico-Europea (1990-2002).
 Investigador principal do proxecto Demersales ICES do IEO (1991-1995).
 Coordinador internacional para a avaliación do stock sur de pesca do ICES (1992-93).
 Coordinador internacional para a avaliación do stock norte de pesca do ICES(1994-02).
 Experto comunitario (UE) en investigación pesqueira. Investigador principal Proxecto de seguimento e análise da actividade pesqueira na Área ICES do IEO (1997-2002).
 Investigador principal do Programa fauna peláxica e demersal (1997-1999).
 Coordinador nacional do Proxecto internacional FIEFA (UE) (1998-2000).
 Coordinador nacional do Proxecto internacional SAMFISH (UE) (2000-2002).
 Presidente do grupo de traballo de avaliación de pescadas, peixes saos e rapantes do ICES (2003-2005). Membro nacional do Comité Asesor para a Xestión das Pesqueiras (ACFM) do ICES entre 1998 e 2007.
 Membro nacional do Comité de Xestión de Recursos (RMC) do ICES (2004-2008).
 Investigador principal do Proxecto MAS do IEO (2005-2008). Membro nacional do Comité Asesor (ACOM) do ICES.
 Actualmente é director do Centro Oceanográfico de Vigo.
 Participou en 22 campañas de investigación oceanográfico-pesqueiras.

XOVES



ISABEL PARDO
 Licenciada en Ciencias Biolóxicas (1986). Actualmente dirixe o equipo de Ecoloxía de sistemas acuáticos epicontinentais da Universidade de Vigo, especializado en ecosistemas litorais e lentícos. Nos últimos anos realizaron proxectos de investigación que abranguen aspectos descritivos dos ecosistemas hídricos, e os relacionados coa estrutura de comunidades acuáticas e funcionamento fluvial, así como estudos que relacionan a diversidade e dinámica dos recursos alimentarios coas comunidades de consumidores acuáticos.
 O seu equipo levou a cabo estudos de limnoloxía aplicada. Esta investigación foi aplicada con éxito na xestión da auga nos ámbitos do norte de España e das illas Baleares. Estes proxectos implican a investigación e desenvolvemento de metodoloxías ecolóxicas de carácter pioneiro en Europa.
 Isabel Pardo tamén dirixiu teses de licenciatura e traballos de investigación-proxectos de fin de carreira, participou en comisións nacionais e internacionais e en proxectos de I+D. Paralelamente, colaborou en publicacións internacionais e nacionais.

VENRES



ÁNGEL GUERRA
 Doutor en Bioloxía pola Universidade de Barcelona.
 Profesor de Investigación do CSIC no Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo.
 Xefe do grupo de investigación Ecobiomar.
 Dirixiu varios proxectos e publicou nove libros.
 Autor de máis de 200 traballos científicos en revistas nacionais e internacionais.
 Dirixiu doce campañas oceanográficas no Atlántico, Pacífico e Mediterráneo.
 Foi presidente do CSIC, vicedirector do Instituto de Investigacións Mariñas, presidente da Sociedade Internacional Unias Malacoloxía entre 1992 e 1995.
 Organizador do simposio trienal do CIAC en 2009 en Vigo. Membro de numerosas asociacións nacionais e internacionais de bioloxía mariña, e pertence ao consello editorial de catro revistas científicas e ao comité consultor de trinta e cinco revistas de investigación.
 Foi editor xefe das revistas científicas da Sociedad Española de Malacoloxía. É conselor da UE e asesor científico de varias comisións nacionais e internacionais.
 O seu labor investigador e docente é pioneiro en España no campo da bioloxía e ecoloxía dos cefalópodos.
 Impartiu cursos e conferencias en universidades europeas e americanas. Como divulgador publicou unha trintena de artigos. Recibiu varios premios e distincións polo seu labor científico.

Novembro é o mes no que se nos brinda a oportunidade de poder sumerxirnos no descoñecido dos fondos mariños a través da gran pantalla. Unha pantalla que reflicte o traballo de numerosos profesionais que, da súa man, poñen ao alcance directo dos nosos ollos os misterios do mundo submarino.

Entre os días 24 e 26 deste mes coa celebración da XX Semana de cine submarino, os interesados poderán satisfacer a súa curiosidade en diversos eidos relacionados coas profundidades do mar. Esta posibilidade é cada vez máis alcanzable grazas aos avances de gravación submarina que facilitan o estudo e a investigación dos segredos que albergan a súa fauna e flora.



O audiovisual constitúe unha canle excelente para transmitir todo ese saber, que en numerosas ocasións queda perdido no fondo das augas. Os encargados de sacar a frote todos eses tesouros da bioloxía mariña son os profesionais autores dos documentais coma os que se poden ver nesta XX semana de cine submarino.


Cada un dos filmes deste evento reflicten anacos de coñecemento do mar, peculiaridades das súas especies e hábitats e ofrecen a oportunidade de gozar das súas formas, cores e características. Esta iniciativa axuda a poñer de manifesto a importancia de coidar estes agasallos da profundidade das augas e de concienciar ao ser humano da importancia da conservación dos recursos.

As vinte edicións deste evento de carácter internacional son a mostra cristalina dunha oportunidade consolidada para que moitas persoas saiban dos segredos que agocha o fondo do mar. Por iso quero agradecer os esforzos dos seus organizadores para que o cine submarino continúe sendo en Vigo unha ferramenta de coñecemento amena e idónea.

Quero, ademais, animar ao público a ser participe desta semana por ser un privilexio, xa que a través da emisión das gravacións acústicas de distintos países serán a oportunidade de ver algunhas das caras das alfaias do noso mar. É unha iniciativa digna de aproveitar e confiamos en que así se faga para que continúe sendo unha realidade que siga contribuíndo a enriquecer o saber afincado nas profundidades.

Rosa Quintana Carballo
 Conselleira do Mar

ORGANIZAN



Extensión Universitaria
 Universidade de Vigo


COLABORAN



CANAL+



PATROCINAN




Universidade de Vigo

Todos os días ás 10h. e 12h. haberá unha sesión matinal de proxeccións adicadas aos centros de ensino da provincia, coordinada polo departamento de cultura de Caixanova.

XX SEMANA DE
CINE SUBMARINO
 DE VIGO

CENTRO CULTURAL CAIXANOVA
 DO 24 AO 26 DE NOVIEMBRE 2010. 20 H.
Entrada libre



Dúas décadas amosando o que atesouran e agochan os fondos mariños. Vinte edicións achegando imaxes e sons espectaculares captados en todos os mares e océanos do planeta. A Semana de Cine Submarino cumpre 20 anos convertida nunha referencia para o público especializado e afeccionado que expectante agarda o seu encontro anual co gran azul.

As persoas que un día decidiron levar o mar ás salas de proxección acertaron plenamente na súa aposta por facer do coñecemento unha canle para a tan necesaria preservación e coidado do medio. Esta é a liña de acción pola que discorre a Universidade de Vigo que apostou por facer do mar un dos seus elementos estratégicos a través do Campus do Mar. A cualificación de Campus de Excelencia Internacional que lle vén de ser concedida non permitirá desenvolver unha agregación científica e tecnolóxica única en Europa para afondar no coñecemento e na aprendizaxe do mar, compartir o aprendido e acoller a todos os que xunto a nós queren conquistar un futuro mellor. Un futuro no que as novas xeracións de nenos e nenas deben ser un obxectivo fundamental cara a esa posta en valor do medio mariño e que nesta edición da Semana de Cine Submarino terán ocasión de descubrir a través de proxeccións especialmente programadas para eles.

A loita dos peces pola supervivencia; o Pacífico Sur; as criaturas que habitan as profundidades; os ríos secretos e o mar de Galicia e El Bajo de las Gerardias amosanse este ano en todo o seu esplendor ante os ollos dos centos de persoas que disfrutarán das proxeccións e dos coñecementos de destacados científicos que lles guiarán polos fondos e superficies mariñas.

A viaxe que este ano volveremos realizar non sería posible sen o respaldo da Consellería do Mar da Xunta de Galicia e de Caixanova coa coordinación e organización da vice-reitoría de Extensión da Universidade de Vigo. Grazas e parabéns polo voso esforzo que ao longo de vinte anos foi quen de espallar, como se de millóns de pingas de auga salgada se tratasen, as historias que agardaban no fondo do mar para seren contadas.

Salustiano Mato de la Iglesia
 Reitor da Universidade de Vigo